Mercadorías - Explicación teórica sobre clasificación de mercadorías, xestión da recepción de mercadorías e comprobacións durante a recepción	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os distintos tipos de mercadorías, os obxectivos da xestión da recepción e as comprobacións a realizar 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario sobre os distintos tipos de mercadorías, os obxectivos da xestión da recepción e as comprobacións a realizar 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer os distintos tipos de mercadorías e as comprobacións a levar a cabo 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.6 - Cuestionario PE.7 - Cuestionario 	4,0
Operacións de recepción. Sistemas de protección das mercadorías - Explicación teórica sobre procedementos de recepción e controis de calidade, así como dos sistemas para protexer as mercadorías no transporte e no almacenamento	<ul style="list-style-type: none"> Explicar os procedementos de recepción, controis de calidade de medición e pesaxe, así como os sistemas para protexer as mercadorías no transporte e no almacenamento 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un exercicio de identificación de sistemas para protexer as mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer os procedementos operativos e identificar os sistemas de protección das mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Cuestionario PE.3 - Cuestionario PE.4 - Cuestionario PE.5 - Cuestionario PE.8 - TIC PE.9 - TIC PE.10 - TIC PE.11 - TIC PE.12 - TIC 	4,0
Documentación de recepción. - Explicación teórica sobre a documentación básica necesaria na recepción de mercadorías. Elaboración de fichas de control e realización de simulacros	<ul style="list-style-type: none"> Explicar a documentación necesaria na recepción de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario sobre recepción de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar, elaborar e manexar a documentación de recepción 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario PE.6 - Cuestionario PE.7 - Cuestionario PE.8 - TIC 	4,0

**ANEXO XIII
MODELO DE PROGRAMACIÓN DE MÓDULOS PROFESIONAIS**

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> • PE.9 - TIC • PE.10 - TIC • PE.11 - TIC • PE.12 - TIC 	
Recepción e cotexo de mercadorías - Práctica de recepción e cotexo de materias primas e produtos auxiliares	<ul style="list-style-type: none"> • Preparar a mercadoría e a documentación para levar a cabo a actividade 	<ul style="list-style-type: none"> • Cuestionario sobre recepción e cotexo de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> • Recepcionar e cotexar as mercadorías axeitadamente 	<ul style="list-style-type: none"> • Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxeccionador e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> • PE.4 - Cuestionario • PE.6 - Cuestionario • PE.7 - Cuestionario 	4,0
TOTAL						16,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Operacións de expedición de mercadorías	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Expide os produtos e xustifica as condicións de transporte e conservación.	SI
RA5 - Manexa as aplicacións informáticas e valora a súa utilidade no control do almacén.	NO

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Coñecer as operacións e comprobacións xerais na expedición de mercadorías	1	Expedición de mercadorías	4,0
1.2 Aprender a organizar a expedición e a controlar as existencias			
2.1 Identificar as funcións e características dos envases e embalaxes	2	Envases, embalaxes e etiquetas	4,0
2.2 Coñecer a información obligatoria do etiquetado			
3.1 Identificar a documentación de saída	3	Documentación de expedición.	4,0
3.2 Manexar a diferente documentación de saída			
4.1 Coñecer a normativa que rixe este tipo de transporte	4	Transporte externo	4,0
TOTAL			16

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Formalizouse a documentación relacionada coa expedición.	• PE.1 - Cuestionario	S	15
CA4.2 Rexistrouse a saída de existencias e actualizouse o rexistro.	• PE.2 - Cuestionario	S	10
CA4.3 Seleccionáronse as condicións axeitadas para os produtos que se vaian expedir.	• PE.3 - Cuestionario	S	10
CA4.4 Determinouse a composición dos lotes e a súa protección.	• PE.4 - Cuestionario	S	10
CA4.5 Mantívose a orde e a limpeza na zona de expedición.	• PE.5 - Cuestionario	N	5
CA4.6 Identificáronse as características dos medios de transporte para garantir a calidade e a seguridade alimentaria.	• PE.6 - Cuestionario	S	10

Crterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Caracterizáronse as aplicacións informáticas.	• PE.7 - TIC	S	5
CA5.2 Identificáronse os parámetros iniciais da aplicación segundo os datos propostos.	• PE.8 - TIC	N	5
CA5.3 Modificáronse os arquivos de produtos, provedores e clientela.	• PE.9 - TIC	S	10
CA5.4 Rexistráronse as entradas e as saídas de existencias e actualizáronse os arquivos correspondentes.	• PE.10 - TIC	S	10
CA5.5 Elaboráronse, imprimíronse e arquiváronse os documentos de control de almacén.	• PE.11 - TIC	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Operacións e comprobacións xerais.</p> <p>Organización da expedición.</p> <p>Documentación de saída.</p> <p>Transporte externo.</p> <p>Operacións básicas no manexo do computador.</p> <p>Aplicacións informáticas: follas de cálculo, procesadores de texto, xestión de bases de datos cliente-servidor e aplicacións específicas.</p> <p>Transmisión da información: redes de comunicación, radiofrecuencia TAG e correo electrónico.</p> <p>Actividade do almacén en tempo real.</p> <p>FIFO automático.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Expedición de mercadorías - Explicación teórica sobre operacións, comprobacións e organización da expedición	<ul style="list-style-type: none"> Explicar conceptos teóricos sobre as operacións e comprobacións xerais na expedición de mercadorías así coma as tarefas a realizar para a organización da expedición 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar un cuestionario que reflicte a tarefas a levar a cabo na expedición de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer as operacións e tarefas a levar a cabo na expedición de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Bibliografía. Ordenador con canón proxeccionador e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario PE.4 - Cuestionario PE.5 - Cuestionario 	4,0
Envases, embalaxes e etiquetas - Explicación teórica sobre as funcións e os procesos de envasado e embalado así coma de etiquetado	<ul style="list-style-type: none"> Explicar as funcións e os procesos de envasado, embalado e etiquetado 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar cuestionarios sobre as funcións e os procesos de envasado, embalado e etiquetado 	<ul style="list-style-type: none"> Cofecer as funcións e características dos envases e embalaxes así como a información obligatoria do etiquetado 	<ul style="list-style-type: none"> Bibliografía. Ordenador con canón proxeccionador e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario PE.7 - TIC PE.8 - TIC PE.9 - TIC PE.10 - TIC PE.11 - TIC 	4,0
Documentación de expedición. - Explicación teórica sobre a documentación de saída.	<ul style="list-style-type: none"> Explicar conceptos sobre a documentación a manexar na expedición de mercadorías. 	<ul style="list-style-type: none"> Realizar cuestionario sobre a documentación a manexar na expedición de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Familiarizarse coa documentación necesaria na expedición de mercadorías 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxeccionador e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario PE.2 - Cuestionario PE.7 - TIC PE.8 - TIC PE.9 - TIC PE.10 - TIC 	4,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
					<ul style="list-style-type: none"> PE.11 - TIC 	
Transporte externo - Explicación teórica sobre o transporte de mercadorías perecederas	<ul style="list-style-type: none"> Explicar conceptos básicos sobre o transporte de mercadorías perecederas 	<ul style="list-style-type: none"> Ampliar información en internet sobre a normativa que rixe este tipo de transporte 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer a normativa básica pola que se rixe o transporte de mercadorías perecederas 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxeccionador e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.3 - Cuestionario PE.4 - Cuestionario PE.6 - Cuestionario 	4,0
TOTAL						16,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Transporte de mercadorías e manexo de equipos	12

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Aproveitamento do almacén e a liña de produción, tras identificar as necesidades e as existencias.	NO
RA3 - Almacena as mercadorías con técnicas e procedementos seleccionados en función das súas características.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar os medios de transporte interno	1	Transporte interno. Video	4,0
2.1 Coñecer e definir os tipos de cargas a manipular nun almacén	2	Tipos de cargas	4,0
3.1 Adquirir coñecementos sobre o manexo de equipos e observar certos movementos e sinais relacionadas	3	Procedementos e medidas de seguridade no manexo de equipos. Artigos e imaxes relacionadas	4,0

TOTAL	12
--------------	-----------

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.4 Caracterizáronse os medios de transporte interno.	<ul style="list-style-type: none"> • PE.1 - Cuestionario 	N	30
CA1.8 Valoráronse novas tendencias loxísticas na distribución e no almacenamento de produtos.	<ul style="list-style-type: none"> • PE.2 - TIC 	N	30
CA3.4 Descríbóronse as características dos equipamentos de carga, descarga, transporte e manipulación interna.	<ul style="list-style-type: none"> • PE.3 - Cuestionario 	N	40
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Transporte interno.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Transporte interno. Video - Explicación teórica sobre equipos e medios de manipulación e de transporte interno. Visionado dunha reportaxe sobre o transporte interno de IKEA	<ul style="list-style-type: none"> Explicación teórica sobre equipos e medios de manipulación e de transporte interno. (vídeotransporte interno de IKEA) 	<ul style="list-style-type: none"> Debate en grupo aplicando os coñecementos adquiridos. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os medios de transporte interno, así como coñecer o seu funcionamento. Comprender o movemento destes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> Aula de informática. Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario PE.2 - TIC PE.3 - Cuestionario 	4,0
Tipos de cargas - Explicación teórica sobre os tipos de cargas a manipular mecánicamente e manualmente	<ul style="list-style-type: none"> Explicación dos tipos de cargas a manipular mecánicamente e manualmente nun almacén da Industria Alimentaria 	<ul style="list-style-type: none"> Cuestionario sobre os tipos de cargas estudados 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os tipos de cargas existentes neste tipo de almacéns 	<ul style="list-style-type: none"> Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Cuestionario PE.2 - TIC PE.3 - Cuestionario 	4,0
Procedementos e medidas de seguridade no manexo de equipos. Artigos e imaxes relacionadas - Explicación teórica sobre o manexo de equipos e medidas de seguridade a ter en conta. Lectura de artigos sobre prevención de riscos laborais e identificación de pictogramas e sinais de advertencia, prohibición,...	<ul style="list-style-type: none"> Exposición de conceptos sobre o manexo de equipos e medidas de seguridade a ter en conta. Explicación sobre o significado dos pictogramas máis comúns en industria alimentaria e das sinais de advertencia, prohibición, obrigación, socorro,... 	<ul style="list-style-type: none"> Lectura e análise de artigos sobre prevención de riscos laborais. 	<ul style="list-style-type: none"> Coñecer o significado dos pictogramas e das sinais de prevención de riscos laborais Coñecer os procedementos para manexar os equipos e as medidas de seguridade que deben tomar. 	<ul style="list-style-type: none"> Bibliografía. Ordenador con canón proxector e conexión a internet 		4,0
TOTAL						12,0

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación
MÍNIMOS ESIXIBLES:

Os mínimos esixibles que debe superar o alumnado para acadar unha valoración positiva, se corresponden cos criterios de avaliación imprescindibles para lograr os resultados de aprendizaxe e a adquisición das competencias profesionais descritas no apartado 4.c da programación.

UD 1: CA1.4
UD 2: CA3.3
UD 3: CA2.3
UD 4: CA4.3
UD 5: CA5.2

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Para acadar unha avaliación positiva con todo non é necesario superar os criterios non considerados mínimos exhibibles, sempre e cando a cualificación global da unidade sexa aprobado.

En cada UD, para cada criterio de avaliación empregaranse como instrumentos de avaliación a proba escrita que constarán de preguntas test, preguntas curtas e/o supostos prácticos (exercicios). As preguntas xurdirán dos contidos, dos cuestionarios e das actividades realizadas (traballos, prácticas).

A cualificación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais.

A expresión da cualificación dos módulos profesionais obterase como o resultado conxunto dos instrumentos de avaliación que corresponden a cada avaliación, aplicando os pesos programados e axustando ao enteiro da seguinte forma:

- Se o valor non chega ó 5,00 eliminaranse os decimais (truncamento)
- Se o valor é igual ou superior a 5,00 por redondeo (notación científica)

Consideraránse positivas as puntuacións iguais ou superiores a 5 puntos.

Para cada UD, cada CA ten un peso, o total dos pesos de cada UD é 100% o que correspondería a un 10.

Para superar o módulo é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 en cada unha das unidades.

A nota de cada avaliación será a media ponderada das notas obtidas nas unidades.

As cualificacións do alumnado levaranse acabo nas datas que estableza xefatura de estudos.

Cando algún alumno suspenda algunha avaliación, terá que recuperar os contidos da mesma nunha proba de recuperación segun se establece no apartado 6 desta programación

A cualificación da avaliación final calcularase como a media ponderada das cualificacións obtidas en cada unha das UD, é dicir, atendendo ao peso de cada UD, sempre que as cualificacións de cada unha delas superase os 5 puntos sobre 10. Considérase superado o módulo cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos na avaliación final

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación****RECUPERACIÓN PREVIA A INCORPORACIÓN NA EMPRESA:**

O alumnado con algunha avaliación suspensa, realizarán durante as semanas previas a incorporación na empresa, proba teórica-práctica de recuperación que lle marque a docente, correspondentes aos contidos mínimos non superados a o longo do curso.

Para superar o módulo será preciso acadar un 5 tras a aplicación dos criterios de cualificación.

RECUPERACIÓN DE SETEMBRO:

O alumnado que non superara o módulo no momento da súa incorporación na empresa, realizarán unha proba de recuperación en SETEMBRO dos contidos non superados. Unha proba teórica e outra práctica .

Esta proba de recuperación deberá ser comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa a través da aula virtual, con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos o por outros medios.

Os criterios de cualificación e corrección serán os recollidos no epígrafe 5.

Na proba, que puntúa sobre 10, indicárase o valor de cada cuestión.

Para superar o módulo é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10 en cada unha das unidades. A cualificación será numérica, entre 1 e 10 sen decimais. Redondearase para arriba cando a puntuación decimal sexa maior ou igual a cinco, no caso contrario o redondeo será para baixo.

O alumnado deberá obter, polo menos una puntuación mínima de 5 puntos para superar o módulo.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non se contempla unha proba de avaliación extraordinaria, por ser FP dual, xa que o alumnado poderá ser excluído do proxecto de formación dual por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas. segundo a mesma Orde de 14 de Xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Polo tanto o alumno que acada determinado número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Durante o curso, e mensualmente empregando esta plataforma, faranse correccións e aclaracións da mesma en base ao desenvolvemento acadado, a temporalización...

Durante o curso proporase un cuestionario (anónimo) aos alumnos para que valoren diversos aspectos do desenvolvemento do módulo, medida establecida polo SXC do centro.

Ao remate do curso, valoraranse os aspectos máis salientables do desenvolvemento do módulo na memoria de final de módulo, medida proposta polo SXC do centro, e na memoria do ciclo e o departamento farase referencia aos indicadores de consecución da programación.

Todos estes documentos formarán parte da documentación de entrada cara a elaboración da programación do seguinte ano.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

As avaliacións iniciais son procesos de avaliación diagnóstica que se fan a principios de curso para coñecer ao alumnado, establecendo unha coordinación entre o profesorado e o Departamento de Orientación, con intercambio de información e toma de decisións sobre a intervención educativa no grupo e con cada alumno/a en particular. Aplicase para determinar se as competencias previas do alumnado son suficientes para cursar o módulo ou se require algún tipo de reforzo. Son especialmente importantes para a detección e atención educativa do alumnado con circunstancias o necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) e para sentar acordos sobre comportamento e liñas prioritarias de acción tutorial xeral no grupo.

Para a realización da avaliación inicial pídese ao alumnado que cubra un cuestionario que recolle información xeral sobre alumnado (datos persoais, historial académico e laboral se houbera, medidas de atención á

diversidade recibidas anteriormente, intereses, actividades de ocio).

Para a sesión de avaliación inicial, que se realiza a finais de setembro ou principios de outubro, convocarase unha reunión do equipo docente xunto co departamento de orientación, na que o profesor/a que exerza a tutoría fará unha breve exposición do perfil do grupo cos datos obtidos dos cuestionarios pasados aos alumnos/as durante o mes de setembro (de xénero, idade, coñecemento, formas de acceso, cultura, crenzas e relixións, orixe social e económico, ideoloxía, intereses, motivacións, expectativas, capacidades, ritmos de aprendizaxe, etc.).

Entre todos valorarase se hai algún alumno/a que poida ter algunha necesidade específica de apoio educativo ou simplemente necesidade de ampliación ou reforzo e falarase das medidas a adoitarse.

Deixarase constancia na acta da sesión.

Ademais, para indagar nas competencias e coñecementos previos do alumnado en relación ao módulo, pasaráselles un cuestionario específico do módulo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Tras analizar os resultados da avaliación inicial, haberá que considerar os distintos ámbitos de diversidade do grupo ao que va dirixida a programación, polo que esta programación didáctica ten que ser flexible para que os alumnos/as que requiran unha atención educativa diferente á común, por presentar necesidades educativas especiais (por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporación tardía ao sistema educativo, ou por condicións persoais) poidan alcanzar o máximo desempeño posible das súas capacidades.

Para atender á diversidade do alumnado e aos distintos ritmos de aprendizaxe existentes na aula dunha forma máis personalizada, ao longo do curso faranse tarefas de distinto tipo, procurando a gradación, que permite unha resposta máis eficaz aos distintos niveis do alumnado.

A metodoloxía empregada irase adaptando ás necesidades que vaian xurdindo ou se vaian detectando:

- Axustes na metodoloxía, adaptando os recursos pedagóxicos ás necesidades dos alumnos.
- Materiais didácticos variados, que ofrezan un conxunto de actividades que aborden os contidos de distintas maneiras.
- Axustes no formato das probas escritas e na temporalización se fora necesario
- Agrupamentos flexibles, subdividindo o grupo da clase en varios grupos homoxéneos cando se quiera reforzar contidos aos alumnos non respondan globalmente aos obxectivos programados, e heteroxéneos cando se persiga que poidan recibir enriquecemento dos outros compoñentes do grupo.
- Xestión do espazo na aula, colocando estratexicamente aos alumnos
- Aportar ao alumnado que o precise un reforzo durante as sesións de tutoría.

Así mesmo, fomentarase o diálogo profesora-alumno/a ao longo de todo o curso, para poder coñecer e comprender a casuística persoal de cada alumno/a, e así adaptarse ou establecer as medidas necesarias para asegurar un acceso á educación en igualdade de condicións.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dende este módulo perséguese que os alumnos/as, ademais de acadar uns resultados de aprendizaxe, se formen como cidadáns responsables en pleno desenvolvemento persoal, social e profesional, polo que se planearán metas relacionadas co ámbito moral e o civismo.

O estudo da materia do presente módulo non pode ser entendida sen ter en conta a transmisión de valores democráticos, de igualdade, de respecto aos demais e a outras culturas, idiomas, orixes..., de tolerancia e da resolución de conflitos mediante o diálogo.

Deste xeito, a materia contribuirá a fomentar a convivencia no centro, partindo de:

- Orientación das actividades de ensino aprendizaxe dende unha perspectiva integral e de xénero, que contribúa a previr todo tipo de situacións de violencia, e en particular a de xénero.

- Educación moral e cívica: Incorporada á programación dende os contidos actitudiais e valorada no desempeño das tarefas individuais e grupais nas que participa cada alumno/a como expresión do respecto as normas, os compañeiros/as e os docentes, o seu traballo, as instalacións e os materiais.

- Educación para a paz: Incorporada á programación como unha actividade que fomenta o coñecemento intercultural como pilar básico da paz, através coñecemento das peculiaridades das materias primas alimentarias, elaboracións...de cada cultura.

-Educación para a igualdade de oportunidades entre ambos sexos: A distribución de tarefas e a participación na toma de decisións farase evitando a materialización dos roles tradicionais home-muller.

-Educación para á saúde: Estes aspectos están presentes na programación do módulo o través da práctica de comportamentos responsables nos ámbitos da saúde a hixiene e a seguridade no desenvolvementos dos procesos do módulo

-Educación ambiental:Terase en conta ó longo de toda a programación , coller as bases fundamentais para levar a cabo unha produción sostible.

Algún destes aspectos están tamén reflectidos no módulo

-Educación do consumidor: A educación como consumidores é consustancial ao currículo formativo do ciclo xa que todos logo somos consumidores de alimentos e o coñecemento técnico que adquiren os alumnos permítelles facer un consumo consciente e responsable que aplicarán a outro tipo de produtos e a elaboración dos mesmos.

-Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia: Atendendo ós obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

*Potenciar a conservación do patrimonio cultural e facilitar a relación do alumnado cos seus maiores para que poidan empaparse do universo cultural que atesouran e así contribuir á conservación de tradicións, técnicas, usos, costumes e saberes.

*Situat o galego como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia e da cultura universal en todos os niveis e áreas educativas.

*Facilitar a plena integración lingüística dos alumnos e alumnas procedentes de fóra de Galicia.

-Fomento do Plurilingüismo: Atendendo ós obxectivos anuais que desenvolven o Plan funcional e Estratéxico do Centro, concretamente:

*Incrementar as competencias do alumnado en linguas estranxeiras.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS: non se teñen previstas dende este módulo, valorarase a colaboración na planificación e realización daquelas, que propostas polo equipo docente do ciclo ou polo centro educativo se consideraran enriquecedoras cara ao desenvolvemento das actividades previstas nesta programación.

Non se contemplan actividades extraescolares dende este módulo

10. Outros apartados

10.1) Presentación

A primeira sesión do curso académico dedicarse á presentación do módulo, a información sobre a programación e a avaliación inicial do alumnado.

- Presentación do alumnado e profesora:

A profesora, así como o alumnado presentaranse persoalmente. A finalidade é permitir un coñecemento inicial e romper barreiras sociais a efectos de favorecer a comunicación entre os compoñentes do grupo.

Cando o grupo sexa de continuidade, non será necesaria esta actividade.

- Presentación da programación do módulo:

A profesora realizará unha exposición dos elementos que constitúen a programación coa finalidade de que o alumnado adquira unha visión global da mesma: unidades didácticas, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación, contidos, metodoloxía que se empregará e procedemento para a perda da avaliación continua.

Informarase ao alumnado que a programación estará á súa disposición para seren consultada na páxina web do centro e na aula virtual.

- Identificación dos coñecementos previos do alumnado en relación co módulo profesional:

Trátase de coñecer o punto de partida do coñecemento do alumnado, referido aos contidos que serán desenvolvidos no módulo, así como de coñecer o punto de partida do coñecemento do alumnado, referido aos contidos que serán desenvolvidos no módulo, mediante un cuestionario preparado para o efecto en formato de preguntas abertas